

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Pablo Barcia Bello, alcalde do Concello de Mondariz, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 8 de maio de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Mondariz un convenio de colaboración para a adquisición dun camión compactador para a recollida separada de residuos da súa competencia.

Na cláusula quinta do dito convenio, denominada "conta xustificativa", establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, o 1 de decembro de 2025.

Segundo. Con data 19/11/2025, O Concello de Mondariz, con data 19 de novembro de 2025, solicitou unha prórroga do prazo para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de decembro de 2025, dado que segundo manifesta, "*Con data 08/08/2025 resolveuse, mediante decreto de alcaldía núm. 2025-0766, adxudicar o contrato de subministro ao contratista "AUTOMÓVILES PACO S.L." con CIF B-32012841, por un importe de 257.125,00 Euros (IVE*



engadido) e data de entrega do subministro nas instalacións municipais o día 17/11/2025. Por motivo dun atraso no traslado do camiión dende o lugar de fabricación ata a instalación da empresa adxudicataria, prevéase una demora do subministro do camiión ata o día 28/11/2025, o que deixaría a esta administración cun escaso marxe para poder xustificar axeitadamente a axuda concedida”.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, con data 20 de novembro de 2025 reuniuse a Comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dúas persoas representantes do Concello de Mondariz.

A comisión estuda a proposta e entende que, debido ao axustado dos prazos no que se prevé recibir o camiión compactador por parte do Concello (28/11/2025) respecto do prazo de execución da actuación subvencionada (01/12/2025), sería apropiado a ampliación de prazo ata o 15/12/2025 tanto da presentación da documentación xustificativa como da execución da actuación subvencionada.

A comisión propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a adquisición dun camiión compactador para a recollida separada de residuos de competencia municipal

As partes reunidas ACORDAN:

- A modificación do prazo establecido para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da documentación xustificativa, establecido na cláusula quinta, ata o día 15 de decembro de 2025.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data consignada na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza
e Deportes

O alcalde do Concello de Mondariz

Diego Calvo Pouso

Pablo Barcia Bello

